

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 12 DE FEBREIRO DE 2008.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as dez horas do día doce de febreiro do ano dous mil oito, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente de D. Xosé Fernández Barcia, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Carolina Cruz Fernández, D. Xosé Antonio Bouza Rey, D. Xosé Xoán Roca Lorenzo, Dna. M<sup>a</sup>. Anxos Díaz Prados, D. Juan Antonio Fernández Ameneiro, D. Ignacio Fernández Fernández, Dna. María África Pérez Filgueiras, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, D. Emilio Varela Deibe, Dna. Begoña María Gómez Díaz, Dna. María del Pilar Díaz Otero e D. Manuel Eugenio Fariña Doval. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓN ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 25.01.2008 E 31.01.2008.**

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación ás actas das sesións que deseguido se relacionan:

- Sesión ordinaria realizada o día 25.01.2008
- Sesión extraordinaria realizada o día 31.01.2008, ás 9,00 h.

**INCIDENCIA:** Faise constar que non se recolle a intervención da sra. Díaz Otero, relativa a observación sobre a acta da sesión extraordinaria realizada o día 31.01.2008, por corresponder á sesión realizada ás 11,30 h. do devandito día, acta que non figuraba incluída no expediente para a súa aprobación.

### **2.- ELECCIÓN XERAIS MARZO 2008: SORTEO MEMBROS MESAS ELECTORAIS**

A fin de dar cumprimento ó indicado no artigo 26 das Normas Electorais vixentes e cumpridas tódalas formalidades legais establecidas, polo Concello Pleno procédese á formación das Mesas Electorais, que quedan integradas polas persoas e para os cargos que se relacionan no respectivo expediente.

### **3.- MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 11 AO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL POR ACTUACIÓN REHABILITADORA CASTELO DA PALMA: APROBACIÓN INICIAL.**

**Sr. Alcalde:** Ven ditaminado cos votos favorables do BNG e do PP, un voto en contra e dúas abstencións, unha do PSOE e outra de Independentes; se require unha serie de documentación á Demarcación de Costas do Estado, Servizo de Protección do Litoral, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e Dirección Xeral da Conservación da Natureza, polo tanto, unha

vez feitas as tramitacións pertinentes e o ditame da comisión, se trae a Pleno para a aprobación inicial. Palabras sobre o tema.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Simplemente quería facer unha matización sobre o voto do partido socialista na comisión informativa de urbanismo. Creo que o partido socialista foi sempre partidario de que o Castelo da Palma se convertera nun hotel-balneario, foi unha aposta persoal do alcalde socialista, Ramón Toimil, e dende os seus inicios creo que fomos firmes defensores de que o Castelo da Palma se convertera nun hotel-balneario. Agora, cando veu a comisión esta modificación puntual, nós, o grupo socialista, só pediamos que os redactores da modificación puntual viñeran informar porque era bastante complexa e por descoñecemento pretendíamos simplemente que informaran; ante a negativa do presidente da comisión pois o grupo socialista se abstivo na votación. Quero reiterar que seguimos estando a favor de que o Castelo da Palma se converta nun hotel-balneario.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido di): Eu simplemente para anunciar que me vou abster e a razón pola cal me absteño non é en tanto en canto a modificación senón por considerar que os terreos que se permutan ou se compensan non son equiparables cos que se derivaban da mesma modificación, esa é a razón fundamental, non outra.

**Sr. Bouza Rey:** Imos ver, eu soamente aclarar unha cousa, non foi o presidente da comisión o que se negou a traer ao equipo redactor, se debateu pola maioría da comisión e a maioría da comisión ditaminamos que había que darlle para diante, pero que non foi este presidente, incluso se preguntou a todos os grupos e soamente era Esquerda Unida a que pedía iso e máis o partido socialista, os outros grupos para nada me pediron que foran, senón nós non teríamos problema, matizar soamente iso, non?

**Sra. Díaz Otero** (que traducido di): Nós imos manter o mesmo voto que fixemos na comisión, voto que concorda ademais co convenio que se asinou e posteriormente coa adecuación da compra de terreos e ao mesmo tempo polas compensacións. Só dúas matizacións, a nós, dende logo, nos parece cando menos que non debe ser a práctica correcta, non é o cambio dun tellado nin o cambio dunhas fiestras, a modificación puntual, e os trámites se levan facendo dende hai bastante tempo por parte da corporación, non da corporación municipal senón por parte do grupo de goberno; lembrar que o primeiro escrito que entra na Consellería de Política Territorial é do 14 de xuño do ano 2007, a primeira vez que ven á comisión de urbanismo é o seis de febreiro do ano 2008, a modificación puntual; eu creo que cando menos se requiría que nunha comisión informativa viñera o equipo que fixo a redacción da modificación puntual núm. 11, isto non foi considerado, como ben di o presidente da comisión de urbanismo, polo resto de grupos, senón se tería que ter votado a urxencia e quedaría enriba da mesa, eu creo que deso o resto de grupos somos coñecedores, polo tanto nós lamentamos non só a actuación do grupo de goberno que podía telo deixado pendente pola capacidade que ten, senón do resto de grupos municipais que non quixeron apoiar que tivéramos un coñecemento maior. En todo caso, nós requiriríamos do presidente da comisión de urbanismo que de algunha explicación de a onde afecta a modificación puntual e cales son, polo tanto, os cambios que se van dar con esa modificación puntual e feita esta salvedade só queremos facer unha máis, e é que hai unha parte dos terreos que eran de sistema xeral.

**Sr. Alcalde:** Eu soamente matizar unha cousa, un par de cousas nada máis, non? Dicar primeiramente que isto non é ningún proxecto do anterior alcalde, isto é un proxecto de iniciativa privada, na cal se apoian os grupos que están aquí, tanto mérito ten o alcalde anterior como o último concelleiro de aquí, da corporación, que apoia este proxecto; entón non ven subliñada, non? E despois dicir que ben..., unha cousa é predicar e outra cousa é actuar. Neste caso dicir que é certo que este proxecto leva bastante tempo xa con tramitacións, é un proxecto complexo onde están implicadas moitísimas administracións, onde están implicadas, dicía, moitas administracións e, polo tanto, é bastante complexo para que poida saír adiante. O que pasa é que non se entende moitas veces dicir que tarda moitísimo este proxecto e logo se pretende que..., ben, que siga máis tempo paralizado, non? Unha modificación puntual como esta non ten ningunha complicación, non se trata de recalificar uns terreos, nin moito menos, para poder..., digamos, construír, facer algo que pode entenderse como algo que poida haber..., digamos, desconfianza ou tal. Se trata simplemente de cambiar o uso do Castelo, esta modificación é cambiar o uso que ten o Castelo, ou que tiña antes o Castelo, que era para defensa, para que se poida facer aí o hotel, nin máis nin menos, e para iso era necesario que a parcela que ocupa o Castelo, a propiedade do Castelo que antes estaba para sistemas de equipamentos e servizos xerais, pois se trata soamente de que esa parcela pase a outro sitio, iso se fixo coa tramitación, que creo que, efectivamente, neso estou de acordo cos grupos políticos da oposición no tema de que ao mellor cometemos o erro de que fora o propio concello quen se encargara de buscar os terreos, aí podo estar de acordo, pero aí tamén foi un acordo do pleno, de que o concello se encargara e non que se encargaran os propios propietarios da parcela, pero unha vez feito iso a parcela que existe hoxe en día está dentro dos parámetros que tamén se acordou neste pleno, se fixeron tres áreas, máis ou menos, onde se podían mercar eses terreos e unha delas é onde se mercou, polo tanto eu considero que..., xa digo, é unha modificación complexa pero non ten nada de particular porque é soamente para cambiarlle o uso que ten o Castelo a día de hoxe, que é para defensa, para usos de defensa, e pasalo para que poida ser..., converterse nun hotel-balneario; polo tanto, creo que non ten máis explicación que esa e o que si dicir que é complexo e que, polo tanto, temos que axilizar dende o Concello todo o que sexa posible para que vaia para adiante este proxecto que considero, ademais, que vai ser moi beneficioso para Mugardos, caso de levarse a cabo, en tanto en canto que vai proxectar a Mugardos tanto a nivel turístico a nivel nacional como a nivel internacional, porque é un complexo, xa digo, que a inversión que ten é grandísima e, polo tanto, vai proxectar a Mugardos e tamén vai facilitar, dende o punto de vista social e económico, que vaia haber uns empregos nun número bastante importante para Mugardos, como se ten previsto de 80 a 90 postos de traballo. Polo tanto, creo que os grupos, que todos estamos, practicamente, agás Esquerda Unida que está en contra, pero os que facilitan, digamos, que esta modificación puntual na súa aprobación inicial saia para adiante, creo que estamos no camiño de que ese proxecto veña para Mugardos.

De todas formas, xa digo, creo que debemos de facer o posible para acelerar os trámites, seguimos as pautas que nos marca a Dirección Xeral de Urbanismo e, polo tanto, non estamos facendo nada que sexa fóra do normal, nós o que facemos é o que nos manda a Dirección Xeral de Urbanismo, está feito, se corrixiu o informe previo, ás recomendacións que facía a Dirección Xeral de Urbanismo e agora o que facemos é aprobalo inicialmente e mandalo outra vez á Xunta para ver si efectivamente fixemos todo o que mandou e logo, pois iso, publicalo, para que dunha vez por todas poidamos facer a aprobación definitiva desta modificación puntual.

Agradecer aos grupos, xa digo, que facilitan que isto saia para adiante dunha forma ou doutra, sobre todo aos grupos que votan afirmativamente e, polo tanto, eu non teño máis que dicir. Grazas a todos polo tema, polo apoio e por facilitar que saia para adiante.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Eu só recordar que o partido socialista estivo sempre a favor do Castelo da Palma, o BNG non estivo a favor do proxecto, o que ocorre é que cando chegamos ao goberno municipal...

**Sr. Alcalde:** Juan, non é verdade.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Eu aínda teño recortes de prensa, os recortes de prensa, cando o BNG se opoñía ao proxecto do Castelo da Palma. O PSOE estivo a favor do proxecto dende o primeiro día...

**Sr. Alcalde:** Juan...

**Sr. Fernández Ameneiro:** E agora, perdón, estou intervindo eu. O BNG estaba en contra do proxecto do Castelo da Palma, mesmo o levou ao Parlamento Español Francisco Rodríguez, porque estaba en contra. O partido socialista estivo a favor dende o primeiro día e sigue estando, nos abstivemos na votación para que puidera saír adiante, simplemente pedíamos que viñeran a informar os redactores do proxecto e como non foi posible, nos abstivemos, pero nos abstivemos porque estamos a favor do proxecto e para que saíra adiante.

**Sr. Alcalde:** A ver, Juan, eu creo que estás equivocado e o sinto, porque falas sen coñecemento de causa, aquí houbo un acordo do pleno deste concello, eh? Houbo un acordo do pleno deste Concello, non do BNG, a proposta do BNG e a proposta de Esquerda Unida de que si as administracións..., autonómica, estatal, Deputación e Concello, de que seguira sendo público, houbo un acordo de todos, do Concello Pleno, iso é, nós estábamos a favor de que continuara sendo público, pero iso non quere dicir, unha vez que as administracións non se comprometen a que iso siga sendo público, evidentemente temos que mirar de que iso teña unha utilidade e por iso apoiamos o proxecto do Castelo da Palma, non é verdade que o BNG estaba en contra, o BNG estaba a favor de que seguira sendo público e foi un acordo deste Pleno.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido di): Mira, eu non quería entrar neste tema, pero unha vez que se entra teño que dicilo, primeiro porque se pariu cando eu tiña a responsabilidade de urbanismo e é verdade que foi co alcalde socialista, é certo que se iniciou por aí, e é certo que ao principio había reticencias, eu non digo que estiveran en contra, había reticencias do BNG ao respecto. Pero eu creo que ese non é o tema, eu creo que iso xa o temos pasado, a miña abstención non é tampouco en base ao descoñecemento, porque reunións tivemos un millón, a corporación anterior, un millón; o meu problema é pola derivación do cambio dos terreos, non por outra cousa máis, quede así claro, e listo.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Bos días, imos ver, nós imos facer unha intervención breve porque xa dixemos o que tiñamos que dicir ao respecto, simplemente sinalar que nos chama a atención que todo o mundo abandee a causa do Castelo da Palma e ninguén o

vote a favor, nos chama a atención poderosamente. En todo caso nos parece moi honrosa calquera aportación, calquera argumentación que se faga desde os outros grupos pero eu creo que hai que ser serios cando hai que ser serios e cando non se quere ser serio pois non se é serio; eu quérolle lembrar ao partido socialista que certamente o alcalde socialista, que logo foi concelleiro de urbanismo, deixou no caixón case un ano e pico tirado o tema do Castelo da Palma, eu creo que iso tamén hai que telo en conta. Entón está ben, abandeirar causas, pero ao final quen quita as castañas do fogo, ao final, somos nós, pode ser casualidade ou pode ser que esteamos aquí para intentar que Mugar dos teña algo que non ten, tamén nos parece chamativo que dada a amplitude do ámbito de capacidade hoteleira que ten Mugar dos sexa normal poñerlle trabas a un proxecto así, porque temos tantos hoteis e tanta implantación de temas que é posible que esteamos saturados da implantación destes temas. En todo caso, e sen meterme na argumentación doutros grupos, que me parece correcta, tamén é verdade que nós creemos que o tema non se levou da mellor forma posible, podía terse feito doutra maneira e a súa tramitación dilatouse no tempo dunha maneira excesiva, eu creo que incluso a poñer en risco esta inversión, eu creo que isto non pode ser así, nin neste proxecto concreto nin noutro calquera, eu creo que hai que abordalo dunha maneira máis intensa, si é o caso, e dar solucións a un curto prazo.

En canto ao tema de todo este procedemento que tiñamos falado, nós creemos que esta modificación puntual xa tiña que ter vido dunha forma máis rápida en canto que a tramitación se dilatou a veces sen saber moi ben por qué, porque eu creo que estaba claro dende un principio e, en todo caso, ben..., nós non queremos afondar máis neste tema, creo que nos posicionamos sempre a favor dun proxecto tan importante para Mugar dos e, polo tanto, nos poñemos unha vez máis a disposición do Pleno para sacar este proxecto que consideramos de vital importancia para o desenrolo turístico de Mugar dos.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido di): Ben, eu creo que os que votan a favor son os que teñen a coincidencia de plantexamento, nin máis nin menos, iso é normal en democracia, e si todo o mundo..., a ver, os que votan a favor son os que teñen a coincidencia de plantexamento, nin máis nin menos, e iso en democracia é o habitual, digo eu, e para iso hai diferentes sensibilidades que se presentan e que representan diferentes sensibilidades e que poden non coincidir nun proxecto ou noutro e non por iso uns queren máis emprego, máis a Mugar dos, máis prazas hoteleiras, máis piscinas, e máis non sei qué... Son plantexamentos diferentes e eu creo que tan respectables o un como o outro; o que probablemente non parece tan respectable é que se traia unha modificación destas características, que todo o mundo recoñeceu, a présa e correndo, porque eu polo que deduzo das palabras do alcalde, a modificación só afecta a estrutura do Castelo, o digo porque como ninguén o explicou...

**Sr. Alcalde:** Ao ámbito da parcela do Castelo.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido di): Ao ámbito da parcela do Castelo? Claro, ben..., entón o que si eu quero preguntar é si alguén coñece neste pleno, agás o alcalde, cal é o ámbito da modificación e qué conleva a modificación, digo agás o alcalde, porque aquí se argumenta que non se quere, nós poderíamos estar perfectamente de acordo e non estivemos de acordo no convenio e dixemos por qué, que unha cousa se crea necesaria non quere dicir que se teña que tragar todo o que ben aquí, a ver..., a veces temos que diferenciar, eu quero que a lancha de transportes funcione, de Mugar dos, pero si o Concello ten que poñer cen millóns de pesetas vou

votar en contra no Pleno, vale, pois moi ben. Eu creo que o Castelo, unha vez que deixou de ser de titularidade pública, hai que buscarlle unha viabilidade, o convenio foi positivo para o Concello? Eu entendo que non e o voto en contra. A modificación puntual, que é o que contén? Mo pode explicar Juan Domingo? Digo agás o alcalde, mo pode explicar o presidente da comisión de urbanismo? Era tanto, que non se está falando de retraso, era tanto que viñera o equipo de PROES, despois de que o equipo de goberno leva un ano coa tramitación? Eu creo que non era pedir moito. Iso é retrasar o proxecto? Non o creo, porque probablemente no retraso do proxecto seguro que houbo algún beneficiado que non foi o Concello, seguro, entón..., a ver, creo que é tan respectable o si como o non, como a abstención, como non sei qué, agora, eu teño as miñas dúbidas de que os concelleiros que van votar a favor o coñezan, salvo o alcalde, e non entro na legalidade ou non.

**Sr. Alcalde:** Pilar, a min me parece que iso é demagogia pura, perdoa que cho diga. Primeiramente porque ti facías parte do goberno que iniciou este proxecto, polo tanto eras coñecedora perfectamente do que abarcaba esa modificación e o sr. Fariña tamén, que está aquí presente, che quero dicir que ti coñecías perfectamente a modificación; entón non te enterabas, estabas no goberno e non te enterabas.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido di): Claro, pero iso é evidente, o mesmo que ti non te enterabas doutras cousas, iso é evidente, polo que dis despois non te enterabas doutras cousas, pero a modificación a coñece alguén máis que ti?.

**Sr. Alcalde:** A coñece todo o mundo que está aquí.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido di): Todo o mundo?.

**Sr. Alcalde:** Claro, non foi a comisión este expediente? Entón a coñece todo o mundo. A min me parece que dicir iso aquí, que non se coñece é dicir que isto non foi nin a comisión nin tivéchedes a oportunidade de ver o expediente.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido di): Viches a acta da comisión? A explicación que se deu por parte dalgún técnico e por parte do presidente da comisión do contido da modificación? O viches?

**Sr. Fariña Doval** (que traducido di): Eu creo que o obxecto do pleno é outro, nesta discusión seguramente ten razón Pilar, ou todo o mundo, e tiñamos que habela tido con máis intensidade dentro da propia comisión e aquí é tomar a resolución das cousas. Primeiro, eu si coñezo o tema dende o principio pero algunhas cousas si quero puntualizar, eu non facilito o tema en función dunha cuestión que hai aí, o dixen unha vez máis, pero tamén digo con moita franqueza que participei en moita negociación porque me tocou vivilo pero sempre foron no Concello de Mugardos non reunións extramunicipais, outros grupos si as tiveron e a min me gustan as cousas que son claras. Lamento que os que si as tiveron non estean aquí hoxe.

**Sr. Alcalde:** Ben, en todo caso, creo que a tramitación que se fixo deste expediente creo que é transparente en todo caso, outra cousa distinta é que as explicacións, ao mellor, do

presidente da comisión por razóns obvias de que está aterrando non poida dar máis explicación, máis detallada, pero o que si é certo é que o que se fai nesta tramitación, repito, é cambiar o uso da parcela do Castelo da Palma para que este poida converterse en hotel-balneario e o que se fai é seguir as directrices que marca a Dirección Xeral de Urbanismo, non as directrices doutras persoas particulares ou de grupos políticos nin nada, se seguen as directrices que marca a Dirección Xeral de Urbanismo, e, polo tanto, creo que aí todo o mundo estará de acordo que a propia Dirección Xeral de Urbanismo non estará facendo unha ilegalidade para que estes promotores poidan facer aí o oro e o moro; entón creo que as desconfianzas que poida haber están fóra de lugar porque xa digo, repito, o que traemos aquí foi o que nos mandou facer a Dirección Xeral de Urbanismo con respecto a poder cambiar o uso que ten o Castelo da Palma. E dito isto sometemos a votación a aprobación inicial desta modificación, a número once.

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación e o Concello Pleno visto que polo sr. Director Xeral de Urbanismo se ten emitido informe previo á aprobación inicial en data 08.11.2007, así como polo secretario da Corporación en data 01.02.2008, ámbolos dous obrantes no expediente, e tendo en conta o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, por oito votos a favor (5 BNG, 3 PP), un voto en contra (1 EU-IU) e catro abstencións (3 PSOE, 1 IPM), e, polo tanto, co quórum esixido polo artigo 47.3, II) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, ACORDA:

1º.- Aprobar inicialmente o documento “Modificación Puntual nº 11 do P.X.O.M. por actuación rehabilitadora Castelo da Palma”, redactado polo equipo dirixido por D. Fernando Casqueiro Barreiro, de data decembro de 2007.

2º.- Solicitar a emisión dos informes sectoriais seguintes:

- “Demarcación de Costas do Estado”
- “Servizo de Protección do Litoral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes -Costas da Xunta-”
- “Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, por afectar ao Castelo da Palma, ben inscrito no Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural, coa categoría de monumento, cuxo contorno de protección foi delimitado polo Decreto 187/2006, de 19 de outubro.”
- “Dirección Xeral da Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible”

3º.- Someter o expediente a exposición pública polo prazo de dous meses (2 MESES), mediante anuncio que se publicará no D.O.G. e en dous dos xornais de maior circulación da provincia, para o fin de que poidan presentarse as alegacións por todos os que o estimen conveniente, tal e como preceptúa o artigo 85.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro.

4º.- Acordar, ao abeiro do artigo 77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro, a suspensión do outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e

demolición para toda a área da Modificación Puntual, suspensión que se extinguirá no prazo de 2 anos e, en todo caso, coa aprobación definitiva da modificación Puntual”.

**4.- ESTUDO DE DETALLE EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 221 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE MUGARDOS. SITUACIÓN: R/CRISTO, Nº 8. PROMOTOR: SERPROVIGA S.L.: APROBACIÓN DEFINITIVA.**

**Sr. Alcalde:** Isto tamén é unha tramitación que se trae aquí unha vez exposta ao público e feitas as correccións que se lle mandaron aos promotores, pois loxicamente se trae para aprobación definitiva. Se algún grupo quere intervir...

**Sr. Fariña Doval** (que traducido di): Eu simplemente para recalcar que en base aos informes, ou tendo como base os informes dos técnicos, en primeiro lugar o de Carmen Gago, de un de outubro de 2007 e do secretario da corporación do 17 de outubro de 2007, e despois de cumprir as puntualizacións que nel se dicían, a escritura de propiedade da finca, certificado catastral e a clarificación dos planos 07 e 08, en base a elo eu vou votar afirmativamente.

Rematadas as intervencións, o Concello Pleno, por doce votos a favor (5 BNG, 3 PSOE, 3 PP, 1 IPM) e unha abstención (1 EU-IU) ACORDA:

1.- Prestar a súa aprobación á proposta formulada polo concelleiro de urbanismo e industria, obrante no expediente e que deseguido se transcribe:

“Pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 18.10.2007, aprobose inicialmente o “Estudo de Detalle en cumprimento do art. 221 do Plan Xeral de Ordenación do concello de Mugardos. Situación: R/ Cristo núm. 8. Promotor: Serproviga S.L.”, redactado polo arquitecto D. Manuel Ferradás Ave, de data 8 de marzo de 2007, e visado polo C.O.A.G. en data 10.10.2007, sen que durante o prazo de información pública, transcorrido dende o 03.11.2007 ata o 26.11.2007, se presentase reclamación ningunha.

Tendo en conta o informe do secretario da Corporación de data 04.02.2008, do que resulta acreditado que procede adoptar o acordo de aprobación definitiva e que o documento aprobado inicialmente non ten sufrido modificación ningunha, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º- Aprobar definitivamente o “*Estudo de Detalle en cumprimento do art. 221 do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Mugardos. Situación: R/ Cristo núm. 8. Promotor: Serproviga S.L.*”, redactado polo arquitecto D. Manuel Ferradás Ave, de data 8 de marzo de 2007, e visado polo C.O.A.G. en data 10.10.2007.

2º- Que se proceda á publicación do presente acordo no D.O.G. e no B.O.P. nos termos establecidos no artigo 92 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, así como ao cumprimento do disposto no número 3 do citado artigo.”

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as 10,30 horas do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe  
O ALCALDE,